

## MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E AS AGRUPACIÓNS DEPORTIVAS ESCOLARES PARA A PRÁCTICA E O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA EN IDADE ESCOLAR

1. Antecedentes.
2. Finalidade.
3. Obxecto do convenio.
4. Financiamento.
5. Declaración xustificativa da imposibilidade de promover a concorrência pública.
6. Coherencia co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.
7. Anexo. Baremación.

### 1. Antecedentes.

Conforme ao Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma asume a competencia exclusiva na promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

En desenvolvemento desta previsión estatutaria o Parlamento de Galicia ditou a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, norma que contempla entre as competencias da Administración Autonómica a de “*promover, ordenar e organizar o deporte en idade escolar*” -art. 5.1.n)-, ámbito deportivo este que se especifica no art. 24 da norma onde, entre outras previsións, se contempla que a “*Administración autonómica fomentará, en colaboración e coordinación coas demais administracións públicas con competencia na materia, coas federacións deportivas galegas, cos clubs, coas agrupacións deportivas escolares e coas demais entidades deportivas, a práctica e o desenvolvemento da actividade deportiva en idade escolar, a través de plans e programas específicos. (...)*”.



Deste xeito o Plan Galego para o Fomento da Actividade Física contempla entre as súas actuacións en particular o fomento da actividade física no ámbito educativo.

No exercicio destas previsións, a Administración Autonómica leva a cabo o programa XOGADE –Xogos Deportivos Galegos en Idade Escolar-, programa que se executa entre os meses de setembro a xuño de cada ano en colaboración coas federacións deportivas e as agrupacións deportivas escolares de Galicia.

O deseño do programa combina o carácter competitivo (tanto escolar como federado) cun programa lúdico e participativo para os escolares dos centros educativos de Galicia, apostando por un modelo orientado á participación, axustándose desta forma á concepción do deporte e da actividade física promulgada dende o Consello de Europa a través da Carta Europea do Deporte.

Este carácter do programa facilita a consecución do seu obxectivo principal – obxectivo tamén esencial no conxunto da política deportiva autonómica-, que non é outro que o da promoción da saúde, da condición física e do benestar a través da práctica deportiva e de actividade física, procurando os medios para que todos os escolares galegos poidan ter acceso á práctica de actividades físico-deportivas sen que exista ningún tipo de discriminación.

Para o desenvolvemento do programa, e xunto as accións levadas a cabo polas federacións deportivas e as medidas directamente asumidas pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte -como son a facilitación do transporte e do seguro deportivo para todos os deportistas federados de 6 a 16 anos- as agrupacións deportivas escolares, que son as responsables das actuacións que, no ámbito de XOGADE, se desenvolven na súa zona territorial de acción.

As agrupacións deportivas escolares contéplanse na Lei como *“as asociacións de persoas físicas ou xurídicas públicas ou privadas que, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, se dedican exclusivamente á práctica deportiva en idade escolar”* (art. 49), existindo na Comunidade Autónoma un total de 31 que se distribúen entre as comarcas e concellos de Galicia, segundo consta no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.



## 2. Finalidade.

Coa finalidade de contribuír ó acceso dos/as escolares á práctica da actividade deportiva, faise necesaria a formalización de 31 convenios de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, con cada unha das 31 agrupacións deportivas escolares galegas recoñecidas no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia da Secretaría Xeral para o Deporte, relacionadas no Anexo I que se acompaña, na súa condición de axentes colaboradores da nosa comunidade autónoma para a promoción e desenvolvemento das súas respectivas modalidades deportivas para o exercicio 2023.

A achega económica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá optimizar todas as actuacións que se desenvolvan no obxecto de promover a práctica deportiva e de actividade física, toda vez as súas definitivas achegas a, entre outros, ós ámbitos educativo, formativo, de cohesión social e de saúde pública, o que, sen dúbida, adquire especial relevancia nas idades máis temperás, en consonancia co disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, outorga ao deporte (art. 2.2).

Por todo o exposto, considérase de gran interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrència pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

## 3. Obxecto do Convenio.

O obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración deportiva e económica entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e as Agrupacións Deportivas Escolares para a práctica e o desenvolvemento da actividade deportiva en idade escolar no marco do programa XOGADE.



As actuacións que se desenvolverán en base a este Convenio de Colaboración son as seguintes:

- Organización e desenvolvemento de probas deportivas.
- Organización e desenvolvemento de xornadas lúdicas-deportivas.
- Organización e desenvolvemento de competicións, concentracións deportivas.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

#### **4. Financiamento.**

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes financiará as accións do presente convenio cun total de 180.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 06.02.441A.481.0 e cun total de 62.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 06.02.441A.780.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

O financiamento por parte da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, que se recolle como Anexo I a esta memoria, das actuacións obxecto do convenio será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

No convenio contemplase, de conformidade co establecido no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, da xustificación do pago mediante recibí do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros. Esta previsión trae causa e motivación da tipoloxía de actuacións, da necesidade contratación de servizos menores, á diversa tipoloxía dos axentes e entidades colaboradoras e á diversidade dos gastos varios e de escasa contía asociados á organización dunha actividade deportiva, polo que se posibilita e flexibiliza a xustificación do pago a través dos correspondentes recibís.



## 5. Declaración xustificativa da imposibilidade de promover a concorrència pública.

A Lei do Deporte de Galicia, 3/2012, do 2 de abril, define as agrupacións deportivas escolares como as asociacións de persoas físicas ou xurídicas públicas ou privadas que, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, se dedican exclusivamente á práctica deportiva en idade escolar.

A mesma Lei, no seu artigo 5, sinala como competencia exclusiva da Administración deportiva de Galicia a formulación dos programas de carácter xeral en materia deportiva, podendo subscribir para o mellor exercicio das súas competencias, segundo o disposto no artigo 6, convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.

Asemade, no artigo 24.2, dispónse que a Administración autonómica fomentará, en colaboración e coordinación coas demais administracións públicas con competencia na materia, coas federacións deportivas galegas, cos clubs, coas agrupacións deportivas escolares e demais entidades deportivas, a práctica e o desenvolvemento da actividade deportiva en idade escolar, a través de plans e programas específicos.

As marcadas diferenzas entre as distintas actividades deportivas en idade escolar que se desenvolven en cada territorio, así como a gran disparidade de características que cada agrupación deportiva escolar presenta en canto a implantación, dificultade, interese ou nivel deportivo, obrigan a establecer programas de traballo singularizados para cada unha das agrupacións deportivas escolares recoñecidas. Neste sentido a pretensión da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes de promover programas de promoción e desenvolvemento de actividades deportivas en idade escolar no ámbito de Galicia, obriga a adaptar as liñas de colaboración con cada agrupación ás necesidades de cada unha delas, propoñendo a sinatura de convenios de colaboración. Por todo o exposto, e dado que as accións promovidas teñen un marcado carácter de interese público e social, previsto no Art. 26.2.a da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, xustifican a imposibilidade de promover a concorrència pública polo que a subvención outorgárase de xeito directo.



É evidente pois, que a achega económica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a:

- Ao fomento do deporte, en particular ao fomento da actividade física no ámbito educativo.
- Á promoción do deporte en sectores sociais especiais por razón da idade, condición física ou psíquica, ou situación persoal.
- Á promoción e difusión do coñecemento e da ensinanza do deporte, coidando especialmente á práctica deportiva en idade escolar.
- Optimizar todas as actuacións que se desenvolvan no obxecto de promover a práctica deportiva e de actividade física.

Doutra banda, cómpre salientar que existe unha identidade entre os obxectivos das Agrupacións deportivas escolares e os que constitúen o obxecto do presente convenio.

Por todo o exposto, considérase de gran interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrencia pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

O artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño de 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, fai constar a posibilidade e necesidade de xustificar nos convenios de concesión directa a imposibilidade de promover a concorrencia pública e os establecemento dos oportunos convenios de colaboración entre as partes.

O que se declara aos efectos da realización dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e as agrupacións deportivas escolares de Galicia, para levar a cabo a práctica e o desenvolvemento da actividade deportiva en idade escolar no marco do programa XOGADE de conformidade co establecido no artigo 19.4.do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas.

## **6. Coherencia co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.**

Estímase que esta actuación é coherente co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, correspondéndose cos seus:



- EIXE 1. O RETO DEMOGRÁFICO
- PA 1.4 Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade
- OE 1.4.7 Impulsar o deporte dende a etapa escolar e como práctica integradora e inclusiva que conduza á súa xeneralización entre a poboación galega, fortalecendo o deporte feminino e atendendo aos deportistas de alto nivel durante e despois da súa dedicación deportiva. Procura das condicións máis adecuadas que coaduxen aos clubs e deportistas nas súas respectivas competicións deportivas dentro e fóra de Galicia.
- OO06 Fomento do deporte a través de convenios, axudas e patrocinios a entidades deportivas.

Unha vez consultada a pantalla de indicadores de proxectos do sistema contable Xumco2, constátase que o indicador de seguimento vixente para o proxecto 2014 00066 “Transferencias a entidades, federacións e técnicos deportivos”, é o PO076C-Entidades dep. Beneficiadas, P1009H-Nº licencias federativas homes, o P1009M-Nº licencias federat. Mulleres, o INFAN1 – porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia e o P00210- Nº de proxectos deportivos subvencionados.

Estímase que, a través destes convenios, acadarase un valor de realización de 31 entidades beneficiarias, cun valor de realización asignado de:

PO076C – Entidades dep. Beneficiadas	31
INFAN1 – porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia	100%
P00210- Nº de proxectos deportivos subvencionados	31

Santiago de Compostela,  
O secretario xeral para o Deporte  
José Ramón Lete Lasa  
(documento asinado dixitalmente)



**ANEXO I**  
**CONVENIOS DE COLABORACIÓN A ASINAR ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E AS AGRUPACIÓNS DEPORTIVAS ESCOLARES PARA O ANO 2023.**

Provincia	Entidade	NIF	Importe 2023
A CORUÑA	ADE CORUÑA	G67862318	12.574 €
	EL CASTILLO	G15117740	11.767 €
	ESCOLARIX	G70153580	6.762 €
	LA PARRA	G15117732	9.830 €
	LAS RÍAS	G15117724	17.578 €
LUGO	A MARIÑA	G27034446	8.215 €
	DA MONTAÑA	G27444389	5.309 €
	LUCUS	G27034347	8.135 €
	RIO CABE	G27034339	6.601 €
	SURLUGO	G27394345	5.794 €
	TERRA CHA	G27034321	7.004 €
OURENSE	A LIMIA	G32106650	5.874 €
	ALTA LIMIA	G32142507	5.552 €
	ARENTEIRO	G32251860	6.197 €
	LAS BURGAS	G32033433	7.731 €
	MONTERREI	G32028003	5.471 €
	O RIBEIRO	G32142838	5.552 €
	SAN ROSENDO	G32029852	5.713 €
	VALDEORRAS	G32103954	6.601 €
PONTEVEDRA	14	G27786169	10.798 €
	A ESTRADA	G36045599	5.390 €
	ADESPONT	G10717726	8.054 €
	AREAS GORDAS	G36179869	7.973 €
	BAIXO MIÑO	G36045045	9.668 €
	CONDADO PARADANTA	G94035870	7.973 €
	O PINO	G36166619	4.502 €
	TERRA DE MONTES	G36198570	7.004 €
	ULLA UMIA	G94144771	6.117 €
	VAL DO SALNÉS	G36044659	8.942 €
	VAL MIÑOR	G36683985	7.973 €
	XOGA DXT ESCOLAR EN VIGO	G27864339	9.345 €

Provincia	Entidade	NIF	Importe 2023
-----------	----------	-----	--------------



A CORUÑA	ADE CORUÑA	G67862318	12.577,00 €
	EL CASTILLO	G15117740	11.789,00 €
	ESCOLARIX	G70153580	6.780,00 €
	LA PARRA	G15117732	9.797,00 €
	LAS RÍAS	G15117724	17.594,00 €
LUGO	A MARIÑA	G27034446	8.238,00 €
	DA MONTAÑA	G27444389	5.314,00 €
	LUCUS	G27034347	8.141,00 €
	RIO CABE	G27034339	6.581,00 €
	SURLUGO	G27394345	5.801,00 €
	TERRA CHA	G27034321	6.971,00 €
OURENSE	A LIMIA	G32106650	5.884,00 €
	ALTA LIMIA	G32142507	5.585,00 €
	ARENTEIRO	G32251860	6.182,00 €
	LAS BURGAS	G32033433	7.766,00 €
	MONTERREI	G32028003	5.485,00 €
	O RIBEIRO	G32142838	5.585,00 €
	SAN ROSENDO	G32029852	5.684,00 €
	VALDEORRAS	G32103954	6.581,00 €
PONTEVEDRA	14	G27786169	11.746,00 €
	A ESTRADA	G36045599	5.377,00 €
	AREAS GORDAS	G36179869	8.977,00 €
	BAIXO MIÑO	G36045045	9.668,00 €



CONDADO PARADANTA	G94035870	8.975,00 €
O PINO	G36166619	4.479,00 €
TERRA DE MONTES	G36198570	6.979,00 €
ULLA UMIA	G94144771	8.174,00 €
VAL DO SALNÉS	G36044659	8.977,00 €
VAL MIÑOR	G36683985	8.977,00 €
XOGA DXT ESCOLAR EN VIGO	G27864339	9.336,00 €



Baremación - ADE		CRITERIOS	Nº Modalidades	Ptos	Nº Equipos	Ptos	Nº Participantes	Ptos.	Nº entidades	Ptos	Nº actividades					
			1pto. por modalidade		más de 1000	30	más de 5000	20	más de 100	40	1pto. por actividade			Total puntos	2230	
					entre 500 a 1000	20	entre 4000 a 5000	15	de 80 a 100	12				Crédito	180000	
					menos de 500	10	entre 2000 a 4000	10	de 60 a 80	10				Valor punto	80,7175	
							menos de 2000	5	menos de 60	5						
Entidade	NIF	Provincia	Nº de modalidades	P.A	Nº de equipos	P.B	Nº total de participantes (todas as modalidades)	P.C	Nº de entidades participantes	P.D	Nº actividades deportivas realizadas XOGADE	P.E	Tot.P	Subv. C.IV_23	Subv. C. VII	Total
ADECORUÑA	G67862318	A Coruña	17	17	1139	30	7940	20	120	40	24	24	131	10.574€	2.000€	12.574 €
EL CASTILLO	G15117740	A Coruña	16	16	608	20	4152	15	101	40	30	30	121	9.767€	2.000€	11.767 €
ESCOLARIX	G70153580	A Coruña	15	15	168	10	4944	15	19	5	14	14	59	4.762€	2.000€	6.762 €
LA PARRA	G15117732	A Coruña	17	17	793	20	5338	20	97	12	28	28	97	7.830€	2.000€	9.830 €
LAS RÍAS	G15117724	A Coruña	43	43	1147	30	5100	20	110	40	60	60	193	15.578€	2.000€	17.578 €
A MARIÑA	G27034446	Lugo	22	22	61	10	2125	10	30	5	30	30	77	6.215€	2.000€	8.215 €
DA MONTAÑA	G27444389	Lugo	7	7	144	10	1286	5	15	5	14	14	41	3.309€	2.000€	5.309 €
LUCUS	G27034347	Lugo	21	21	83	10	793	5	62	10	30	30	76	6.135€	2.000€	8.135 €
RIOCABE	G27034339	Lugo	12	12	268	10	1756	5	28	5	25	25	57	4.601€	2.000€	6.601 €
SURLUGO	G27394345	Lugo	11	11	285	10	1801	5	34	5	16	16	47	3.794€	2.000€	5.794 €
TERRA CHA	G27034321	Lugo	21	21	117	10	848	5	21	5	21	21	62	5.004€	2.000€	7.004 €
A LIMIA	G32106650	Ourense	11	11	157	10	629	5	11	5	17	17	48	3.874€	2.000€	5.874 €
ALTA LIMIA	G32142507	Ourense	10	10	155	10	661	5	9	5	14	14	44	3.552€	2.000€	5.552 €
ARENTEIRO	G32251860	Ourense	12	12	178	10	1641	5	27	5	20	20	52	4.197€	2.000€	6.197 €
LAS BURGAS	G32033433	Ourense	22	22	178	10	741	5	62	10	24	24	71	5.731€	2.000€	7.731 €
MONTERREI	G32028003	Ourense	8	8	124	10	547	5	13	5	15	15	43	3.471€	2.000€	5.471 €
ORIBEIRO	G32142838	Ourense	10	10	127	10	314	5	9	5	14	14	44	3.552€	2.000€	5.552 €
SAN ROSENDO	G32029852	Ourense	10	10	134	10	813	5	20	5	16	16	46	3.713€	2.000€	5.713 €
VALDEORRAS	G32103954	Ourense	15	15	155	10	555	5	10	5	22	22	57	4.601€	2.000€	6.601 €
14	G27786169	Pontevedra	29	29	563	20	5431	20	86	12	28	28	109	8.798€	2.000€	10.798 €
A ESTRADA	G36045599	Pontevedra	10	10	237	10	1993	5	16	5	12	12	42	3.390€	2.000€	5.390 €
ADESPONT	G10717726	Pontevedra	20	20	320	10	4200	15	45	5	25	25	75	6.054€	2.000€	8.054 €
AREAS GORDAS	G36179869	Pontevedra	15	15	208	10	1994	5	52	10	34	34	74	5.973€	2.000€	7.973 €
BAIXO MIÑO	G36045045	Pontevedra	30	30	202	10	2674	10	55	10	35	35	95	7.668€	2.000€	9.668 €
CONDADOPARADANTA	G94035870	Pontevedra	23	23	197	10	2367	10	68	10	21	21	74	5.973€	2.000€	7.973 €
OPINO	G36166619	Pontevedra	6	6	341	10	1818	5	20	5	5	5	31	2.502€	2.000€	4.502 €
TERRA DE MONTESS	G36198570	Pontevedra	11	11	243	10	2895	10	21	5	26	26	62	5.004€	2.000€	7.004 €
UELA UMIA	G36144771	Pontevedra	11	11	303	10	1910	5	23	5	20	20	51	4.117€	2.000€	6.117 €
VALDOSALNÉS	G36044659	Pontevedra	27	27	245	10	1927	5	22	5	39	39	86	6.942€	2.000€	8.942 €
MINOR	G36683961	Pontevedra	20	20	664	10	2115	10	32	5	29	29	74	5.973€	2.000€	7.973 €
BA DXT ESCOLAR EN VIGO	G27864339	Pontevedra	24	24	434	10	3869	10	83	12	35	35	91	7.345€	2.000€	9.345 €

CVE: cBmcRqRq8IP9  
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE  
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES  
Rúa Madrid 2-4 2º andar 15781 Santiago de Compostela  
9881996360  
www.xunta.gal/programas-pr